



MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN SOBRE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA DESENVOLVER AS ACTUACIÓNS DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2022-2026 RELACIONADAS CO MUNDO ACADÉMICO

ANTECEDENTES

O Instituto Galego de Estatística (IGE) ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) un convenio de colaboración por un período de catro anos, comprendidos dentro do quinquenio regulado pola Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, que constitúe o marco das actuacións acordadas.

O obxecto do convenio é establecer un instrumento estable de colaboración polo que se debe rexer a transmisión de información desde a USC ao IGE, para o seu aproveitamento estatístico, de xeito que se amplíe o coñecemento da poboación galega en relación co seu nivel de formación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Ambas entidades están interesadas en aproveitar os datos de orixe administrativa da USC para que o IGE elabore nova información estatística con máis axilidade, a menor custo, superando as delimitacións xeográficas tradicionais e diminuindo a carga de resposta.
- O IGE debe axear a súa actuación á normativa estatística da Comunidade Autónoma, recollida na Lei 9/1988, do 19 de xullo de estatística de Galicia, e nos instrumentos de planificación e programación previstos nela.
- O Plan galego de estatística 2022-2026 establece no seu artigo 7 que se intensificará o uso das fontes administrativas e se establecerán procedementos de colaboración entre os seus titulares e as autoridades estatísticas para garantir a calidade da información. Continúa no mesmo artigo avogando porque se enlacen as distintas fontes de información e encomendándolle ao IGE o desenvolvemento dunha base de datos sociodemográfica.
- A USC precisa información estatística para realizar as funcións que ten encomendadas, favorecer a toma de decisións, avaliar resultados e ordenar os seus recursos, información que en parte lle pode fornecer o IGE logo de incorporar os seus rexistros administrativos na base de datos sociodemográfica contemplada no punto anterior.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non se poden satisfacer mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.

En atención ao exposto e co fin cumprir o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado formalizar o convenio que se pretende, e, para que conste, asínase esta memoria,

Rosa Elvira Fernández González
Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística

